

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**17492** *Lei orgánica 1/2009, do 3 de novembro, complementaria da Lei de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

#### Preámbulo

I

A modernización da Administración de xustiza que anima a Lei de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial introduciu no debate público unha frutífera reflexión sobre a conveniencia de proxectala tamén sobre outros ámbitos vinculados a ela. Como consecuencia dese diálogo reflexivo, xerado dentro e fóra do Parlamento, considerouse pertinente introducir algúns cambios na Lei orgánica do poder xudicial co propósito de acompañar aquela implantación e atender, ao tempo, certas melloras técnicas que durante longo tempo se veñen demandando.

II

Así, introducíronse unha serie de reformas encamiñadas á axilización da xustiza, que teñen como obxectivo a optimización dos recursos e mellorar a súa prestación como servizo público esencial.

Neste sentido, reformouse o artigo 82 para a tramitación dos recursos de apelación fronte ás resolucións ditadas polos xuíces de primeira instancia en procesos seguidos polos trámites do xuízo verbal por razón da contía, que serán resoltos por un só maxistrado, designado por quenda de repartición. Con iso lograrase reducir o tempo de resposta na segunda instancia en conflitos que, por se tratar de asuntos que non revisten especial complexidade, non precisan ser resoltos por un órgano colexiado. Ao tempo, dáse nova redacción a ese mesmo precepto, mellorando a sistemática.

Tamén debe contribuír á axilización da xustiza, e a mellorar os estándares de calidade, o establecemento do que se dá en chamar «xuíces de adscrición territorial» que, por designación do presidente do Tribunal Superior de Xustiza, exercerán as súas funcións xurisdicionais nas prazas que se encontren vacantes, como reforzo de órganos xudiciais ou naquelas outras cuxo titular se preveña que estará ausente por tempo superior a un mes. Con iso preténdese evitar no posible a interinidade no exercicio de funcións xurisdicionais e potenciar o seu desempeño por membros da carreira xudicial, o que sen dúbida redundará nunha ostensible mellora na calidade do servizo público.

Na mesma liña de mellora dos aspectos organizativos da Administración de xustiza incluíuse na reforma un cambio no sistema de provisión de prazas nas audiencias provinciais. Na regulación anterior prevíase que a antigüidade en órganos mixtos se computase por metade para os únicos efectos de acceder a ocupar praza nas audiencias provinciais, e iso por entender que naqueles se exerce tanto a xurisdición civil como penal. Non resulta razoable manter este criterio, toda vez que en tales órganos mixtos o exercicio da xurisdición en cada orde é, en calquera caso, pleno e cualitativamente idéntico ao de órganos con separación das ordes xurisdicionais civil e penal, e por iso se dispuxo que a antigüidade en tales órganos se compute por igual para ambas as ordes.

## III

En cumprimento do mandato emanado do Congreso dos Deputados, mediante resolución aprobada o día 19 de maio de 2009 con motivo do debate do Estado da Nación, realízase un cambio no tratamento do que se deu en chamar a «xurisdición universal», a través da modificación do artigo 23 da Lei orgánica do poder xudicial para, dun lado, incorporar tipos de delitos que non estaban incluídos e cuxa persecución vén amparada nos convenios e costume do dereito internacional, como son os de lesa humanidade e crimes de guerra. Doutro lado, a reforma permite adaptar e clarificar o precepto de acordo co principio de subsidiariedade e a doutrina emanada do Tribunal Constitucional e a xurisprudencia do Tribunal Supremo.

## IV

Aos anteriores propósitos débese unir a intención de mellorar a conciliación da vida familiar e laboral para os membros da carreira xudicial. A iso contribúe a supresión do traslado forzoso con motivo do ascenso á categoría de maxistrado, rompendo o vínculo existente ata agora entre a categoría do órgano xudicial e a profesional do seu titular. Deste modo posibilitábase a permanencia no mesmo destino incluso cando se producise o ascenso, podendo optar por continuar na praza que viña ocupando ou ben ocupar a vacante que no momento do ascenso lle sexa ofertada. No texto prevese tamén o mecanismo de cobertura de prazas e o réxime transitorio aplicable a quen renunciase con anterioridade ao ascenso forzoso.

Este mesmo obxectivo perséguese coa reforma das vacacións dos membros da carreira xudicial, que terán o mesmo tratamento e a mesma duración xa xeneralizada para o resto dos membros integrantes da función pública.

Por último, inclúese tamén unha regulación da excedencia voluntaria para atender o coidado dun fillo ou doutro familiar a cargo, superando a prohibición existente agora para quen, por estar nesa situación, non pode participar en cursos de formación ou en concursos de traslado, véndose obrigado, no caso destes últimos, a solicitar o reingreso ao servizo activo, para despois regresar á situación de excedencia voluntaria polo tempo que restase do seu desfrute. A nova regulación permitiralle seguir mantendo a situación de excedencia a pesar de participar en cursos de formación ou en concursos de traslado, ben que neste último caso unicamente durante os primeiros dous anos, en que se ten dereito á reserva de praza.

## V

Nesta lei régúlase tamén un depósito de escasa contía previo á interposición do recurso, cuxo fin principal é disuadir a quen recorra sen fundamento xurídico ningún, para que non prolongue indebidamente o tempo de resolución do proceso en prexuízo do dereito á tutela xudicial efectiva das outras partes que comparecen no proceso. Os ingresos que se poidan xerar polo uso abusivo do dereito aos recursos vincúlanse directamente ao proceso de modernización da xustiza, á creación e mantemento dunha plataforma de conectividade entre as distintas aplicacións e sistemas informáticos presentes na Administración de xustiza e a financiar o beneficio de xustiza gratuíta. Estes ingresos distribúense entre o Estado e as comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza.

## VI

Finalmente, a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, representou, sen dúbida ningunha, un fito na loita pola erradicación da violencia exercida polo home sobre a muller no ámbito doméstico e das relacións de afectividade.

Os recentes pronunciamentos do Tribunal Constitucional nas súas sentenzas 59/2008 e 45/2009, declarando a constitucionalidade do tratamento diferenciado da violencia de xénero, supuxeron a consolidación da política desenvolvida nesta materia durante estes últimos anos.

A exposición de motivos da Lei orgánica 1/2004 predicou o carácter de xulgados «especializados» dos órganos xudiciais aos cales atribuíu a competencia para coñecer desta clase de ilícitos. Porén, tal especialización non se pode considerar efectiva se non se dotan os medios necesarios que aseguren unha preparación específica. Así veu ocorrendo ata o momento, debido á previsión legal dun modelo de formación continuada con carácter voluntario.

Por iso, e desde o convencemento de que a especialización conduce a unha xustiza mellor, se introduciu unha reforma nesta lei, que prevé a especialización dos xulgados e tribunais con competencia exclusiva en violencia sobre a muller a través da formación obrigatoria.

#### Artigo primeiro.

Modifícase a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, nos seguintes termos:

Un. Os puntos 4 e 5 do artigo 23 quedan redactados da forma seguinte:

«4. Igualmente, será competente a xurisdición española para coñecer dos feitos cometidos por españois ou estranxeiros fóra do territorio nacional susceptibles de se tipificar, segundo a lei española, como algún dos seguintes delitos:

- a) Xenocidio e lesa humanidade.
- b) Terrorismo.
- c) Pirataría e apoderamento ilícito de aeronaves.
- d) Delitos relativos á prostitución e corrupción de menores e incapaces.
- e) Tráfico ilegal de drogas psicotrópicas, tóxicas e estupefacientes.
- f) Tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, sexan ou non traballadores.
- g) Os relativos á mutilación xenital feminina, sempre que os responsables se encontren en España.
- h) Calquera outro que, segundo os tratados e convenios internacionais, en particular os convenios de dereito internacional humanitario e de protección dos dereitos humanos, deba ser perseguido en España.

Sen prexuízo do que puidesen dispoñer os tratados e convenios internacionais subscritos por España, para que poidan coñecer os tribunais españois dos anteriores delitos deberá quedar acreditado que os seus presuntos responsables se encontran en España ou que existen vítimas de nacionalidade española, ou constatarse algún vínculo de conexión relevante con España e, en todo caso, que noutro país competente ou no seo dun tribunal internacional non se iniciase procedemento que supoña unha investigación e unha persecución efectiva, se é o caso, de tales feitos punibles.

O proceso penal iniciado ante a xurisdición española sobreserase provisionalmente cando quede constancia do comezo doutro proceso sobre os feitos denunciados no país ou polo tribunal aos cales se refire o parágrafo anterior.

5. Se se tramitase causa penal en España polos supostos regulados nos anteriores puntos 3 e 4, será en todo caso de aplicación o disposto na letra c) do punto 2 deste artigo.»

Dous. O artigo 82 terá a seguinte redacción:

«Artigo 82.

1. As audiencias provinciais coñecerán na orde penal:

1.º Das causas por delito, coa excepción dos que a lei atribúe ao coñecemento dos xulgados do penal ou doutros tribunais previstos nesta lei.

2.º Dos recursos que estableza a lei contra as resolucións ditadas polos xulgados de instrución e do penal da provincia.

Para o coñecemento dos recursos contra resolucións dos xulgados de instrución en xuízo de faltas a audiencia constituirase cun só maxistrado, mediante unha quenda de repartición.

3.º Dos recursos que estableza a lei contra as resolucións en materia penal ditadas polos xulgados de violencia sobre a muller da provincia. Co fin de facilitar o coñecemento destes recursos, e atendendo ao número de asuntos existentes, deberanse especializar unha ou varias das súas seccións de conformidade co previsto no artigo 98 desta lei orgánica. Esta especialización estenderase a aqueles supostos en que corresponda á audiencia provincial o axuizamento en primeira instancia de asuntos instruídos polos xulgados de violencia sobre a muller da provincia.

4.º As audiencias provinciais coñecerán tamén dos recursos contra as resolucións dos xulgados de menores con sede na provincia e das cuestións de competencia entre eles.

5.º Dos recursos que estableza a lei contra as resolucións dos xulgados de vixilancia penitenciaria, cando a competencia non corresponda á Sala do Penal da Audiencia Nacional.

2. As audiencias provinciais coñecerán na orde civil:

1.º Dos recursos que estableza a lei contra resolucións ditadas en primeira instancia polos xulgados de primeira instancia da provincia.

Para o coñecemento dos recursos contra resolucións dos xulgados de primeira instancia que se sigan polos trámites do xuízo verbal por razón da contía, a audiencia constituirase cun só maxistrado, mediante unha quenda de repartición.

2.º Dos recursos que estableza a lei contra as resolucións ditadas en primeira instancia polos xulgados do mercantil, salvo as que se diten en incidentes concursais que resolvan cuestións de materia laboral, debendo especializarse para tal fin unha ou varias das súas seccións, de conformidade co previsto no artigo 98 desta lei orgánica.

3.º Así mesmo, a sección ou seccións da Audiencia Provincial de Alicante que se especialicen ao abeiro do previsto no parágrafo anterior coñecerán, ademais, en segunda instancia e de forma exclusiva, de todos aqueles recursos a que se refire o artigo 101 do Regulamento n.º 40/94, do Consello da Unión Europea, do 20 de decembro de 1993, sobre a marca comunitaria, e o Regulamento 6/2002, do Consello da Unión Europea, do 12 de decembro de 2001, sobre os debuxos e modelos comunitarios. No exercicio desta competencia estenderán a súa xurisdición a todo o territorio nacional, e para estes únicos efectos denominaranse tribunais de marca comunitaria.

4.º As audiencias provinciais tamén coñecerán dos recursos que estableza a lei contra as resolucións ditadas en materia civil polos xulgados de violencia sobre a muller da provincia. Co fin de facilitar o coñecemento destes recursos, e atendendo ao número de asuntos existentes, poderanse especializar unha ou varias das súas seccións de conformidade co previsto no artigo 98 desta lei orgánica.

3. Corresponde igualmente ás audiencias provinciais o coñecemento:

1.º Das cuestións de competencia en materia civil e penal que se susciten entre xulgados da provincia que non teñan outro superior común.

2.º Das recusacións dos seus maxistrados, cando a competencia non estea atribuída á sala especial existente para estes efectos nos tribunais superiores de xustiza.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 184, que queda redactado como segue:

«2. Os días e horas inhábiles poderanse habilitar con suxeición ao disposto nas leis procesuais.»

Catro. Modifícase o punto 5 do artigo 231, que queda redactado como segue:

«5. Nas actuacións orais poderase habilitar como intérprete calquera persoa coñecedora da lingua empregada, logo de xuramento ou promesa daquela.»

Cinco. Modifícase o artigo 267, dando nova redacción aos puntos 7 e 8 e introducindo un novo punto 9, nos seguintes termos:

«7. Do mesmo modo ao establecido nos puntos anteriores procederá o secretario xudicial cando se precise aclarar, rectificar, emendar ou completar os decretos que ditase.

8. No caberá recurso ningún contra os autos ou decretos en que se resolva acerca da aclaración, rectificación, emenda ou complemento a que se refiren os anteriores puntos deste artigo, sen prexuízo dos recursos que procedan, se é o caso, contra a sentenza, auto ou decreto a que se refira a solicitude ou actuación de oficio do tribunal ou do secretario xudicial.

9. Os prazos para os recursos que procedan contra a resolución de que se trate interromperanse desde que se solicite a súa aclaración, rectificación, emenda ou complemento e, en todo caso, comezarán a computarse desde o día seguinte ao da notificación do auto ou decreto que recoñecese ou negase a omisión do pronunciamento e acordase ou denegase remediala.»

Seis. O punto 1 do artigo 311 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 311.

1. De cada catro vacantes que se produzan na categoría de maxistrado, dúas darán lugar ao ascenso dos xuíces que ocupen o primeiro lugar no escalafón dentro desta categoría.

O maxistrado así ascendido poderá optar por continuar na praza que viña ocupando ou por ocupar a vacante que no momento do ascenso lle sexa ofertada, e comunicarllo ao Consello Xeral do Poder Xudicial na forma e prazo que este determine. No primeiro suposto non poderá participar nos concursos ordinarios de traslado durante tres anos se a praza que viña ocupando é de categoría de xuíz e un ano se é de categoría de maxistrado.

A terceira vacante proverase, entre xuíces, por medio de probas selectivas nas ordes xurisdiccionais civil e penal, e de especialización nas ordes contencioso-administrativa, social e mercantil.

A cuarta vacante proverase por concurso entre xuristas de recoñecida competencia e con máis de dez anos de exercicio profesional que superen o curso de formación a que se refire o punto 5 do artigo 301. Pola súa vez, unha terceira parte destas vacantes reservarase a membros do corpo de secretarios xudiciais de primeira ou segunda categoría.

Por este procedemento só se poderá convocar un número de prazas que non supere o total das efectivamente vacantes máis as previsibles que se vaian producir durante o tempo en que se prolongue a resolución do concurso.

Nas comunidades autónomas en que exista máis dunha lingua oficial ou teñan dereito civil propio aplicaranse, para a provisión destas prazas, as previsións establecidas para tal efecto nesta lei.»

Sete. O punto 2 do artigo 318 queda redactado da forma seguinte:

«2. O mesmo xuramento ou promesa se prestará cando se ascenda de categoría na carreira.»

Oito. Introdúcese un punto 3 bis e modifícase o punto 5 no artigo 329, nos seguintes termos:

«3 bis. Os que obtivesen praza por concurso ou ascenso en xulgados de violencia sobre a muller, en xulgados do penal especializados en violencia de xénero ou en seccións penais e civís especializadas en violencia de xénero deberán participar, antes de tomar posesión do seu novo destino, nas actividades de especialización en materia de violencia de xénero que estableza o Consello Xeral do Poder Xudicial.»

«5. Os concursos para a provisión de prazas dos xulgados centrais de instrución, centrais do penal, centrais de menores e de vixilancia penitenciaria resolveranse a favor de quen prestase servizos na orde xurisdiccional penal durante oito anos dentro dos doce anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria; en defecto deste criterio, en favor de quen teña mellor posto no escalafón.

Os concursos para a provisión de prazas dos xulgados centrais do contencioso-administrativo resolveranse en favor de quen teña a especialidade na dita orde xurisdiccional; no seu defecto, de quen prestase servizos na dita orde durante oito anos dentro dos doce anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria; e en defecto destes criterios, de quen teña mellor posto no escalafón. Nese último caso, os que obtivesen praza deberán participar antes de tomar posesión no seu novo destino nas actividades específicas de formación que o Consello Xeral do Poder Xudicial estableza regulamentariamente para os supostos de cambio de orde xurisdiccional.»

Nove. Modifícanse os puntos 2, 3, 5 e 7 do artigo 330, que quedan redactados como segue:

«2. En cada sala ou sección do contencioso-administrativo dos tribunais superiores de xustiza, unha das prazas reservarase a maxistrado especialista na dita orde xurisdiccional, con preferencia do que ocupe mellor posto no seu escalafón. Se a sala ou sección se compuxese de cinco ou máis maxistrados, o número de prazas cubertas por este sistema será de dúas, manténdose idéntica proporción nos incrementos sucesivos.

Non obstante, se un membro da sala ou sección adquirise a condición de especialista nesta orde, poderá continuar no seu destino ata que se lle adxudique a primeira vacante de especialista que se produza. Nos concursos para a provisión do resto de prazas terán preferencia aqueles maxistrados que prestasen os seus servizos na dita orde xurisdiccional durante oito anos dentro dos doce anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria.»

«3. En cada sala ou sección do social dos tribunais superiores de xustiza, unha das prazas reservarase a maxistrado especialista na dita orde xurisdiccional ou que pertencese ao extinguido corpo de maxistrados de traballo, con preferencia do que ocupe o mellor posto no seu escalafón. Se a sala ou sección se compuxese de cinco ou máis maxistrados, o número de prazas cubertas por este sistema será de dúas, manténdose idéntica proporción nos incrementos sucesivos.

Non obstante, se un membro da sala ou sección adquirise a condición de especialista nesta orde, poderá continuar no seu destino ata que se lle adxudique a primeira vacante de especialista que se produza. Nos concursos para a provisión do resto de prazas terán preferencia aqueles maxistrados que prestasen os seus servizos na dita orde xurisdiccional durante oito anos dentro dos doce anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria.»

«5. Os concursos para a provisión de prazas de audiencias provinciais axustaranse ás seguintes regras:

a) Se houberse varias seccións e estas estivesen divididas por ordes xurisdicionais, terán preferencia no concurso aqueles maxistrados que prestasen os seus servizos na orde xurisdiccional correspondente durante seis anos dentro dos dez anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria. A antigüidade en órganos mixtos computarase por igual para ambas as ordes xurisdicionais.

b) Se houberse varias seccións e estas non estivesen divididas por ordes xurisdicionais, terán preferencia no concurso aqueles maxistrados que prestasen os seus servizos na orde xurisdiccional correspondente durante seis anos dentro dos dez anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria. A antigüidade en órganos mixtos computarase por igual para ambas as ordes xurisdicionais.

c) Se houberse unha ou varias seccións das audiencias provinciais que coñezan en segunda instancia dos recursos interpostos contra todo tipo de resolucións ditadas polos xulgados do mercantil, unha das prazas reservarase a maxistrados

que, acreditando a especialización nos asuntos propios dos ditos xulgados, obtida mediante a superación das probas selectivas que regulamentariamente determine o Consello Xeral do Poder Xudicial, teñan mellor posto no seu escalafón. Se a sección se compuxese de cinco ou máis maxistrados, o número de prazas cubertas por este sistema será de dúas, manténdose idéntica proporción nos incrementos sucesivos. Non obstante, se un membro da sala ou sección adquirise a condición de especialista nesta orde, poderá continuar no seu destino ata que se lle adxudique a primeira vacante de especialista que se produza. Nos concursos para a provisión do resto de prazas terán preferencia aqueles maxistrados que acrediten ter permanecido máis tempo na orde xurisdiccional civil. Na falta destes, os maxistrados que acrediten ter permanecido máis tempo en órganos xurisdicionais mixtos.

d) Na sección ou seccións ás cales en virtude do artigo 80.3 desta lei se lles atribúa única e exclusivamente o coñecemento en segunda instancia dos recursos interpostos contra todo tipo de resolucións ditadas polos xulgados do mercantil, terán preferencia no concurso para a provisión das súas prazas aqueles maxistrados que, acreditando a especialización nos asuntos propios dos ditos xulgados, obtida mediante a superación das probas selectivas que regulamentariamente determine o Consello Xeral do Poder Xudicial, teñan mellor posto no seu escalafón. No seu defecto, cubriranse cos maxistrados que acrediten ter permanecido máis tempo na orde xurisdiccional civil. Na falta destes, cos maxistrados que acrediten ter permanecido máis tempo en órganos xurisdicionais mixtos.»

«7. Os concursos para a provisión de prazas das salas da Audiencia Nacional resolveranse a favor de quen teña a correspondente especialización na orde respectiva; no seu defecto, de quen prestase servizos na orde xurisdiccional correspondente durante oito anos dentro dos doce anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria; e en defecto de todos estes criterios, de quen teña mellor posto no escalafón.

A provisión de prazas da Sala de Apelación da Audiencia Nacional resolverase a favor de quen, con máis de quince anos de antigüidade na carreira, prestase servizos ao menos durante dez anos na orde xurisdiccional penal, preferíndose entre eles aqueles que teñan a condición de especialista.»

Dez. O artigo 334 terá a seguinte redacción:

«Artigo 334.

As prazas que queden vacantes por falta de solicitantes proveranse polos que sexan promovidos ou ascendan á categoría necesaria, consonte a quenda que corresponda.

Aquelas vacantes que, consonte o previsto no parágrafo segundo do punto primeiro do artigo 311, non fosen cubertas polos xuíces ascendidos á categoría de maxistrado serán ofrecidas mediante concurso ordinario de traslado aos membros da carreira con categoría de xuíz; de non ser cubertas, ofertaranse aos xuíces saídos da escola xudicial, sen que en ningún caso as vacantes en órganos xudiciais colexiados poidan ser solicitadas como primeiro destino.»

Once. Introdúcese un novo capítulo VI bis no título primeiro do libro IV coa redacción seguinte:

«CAPÍTULO VI bis.

#### **Dos xuíces de adscrición territorial**

Artigo 347 bis.

1. En cada tribunal superior de xustiza, e para o ámbito territorial da provincia, crearanse as prazas de xuíces de adscrición territorial que determine a Lei de demarcación e planta xudicial.

2. Por designación do presidente do tribunal superior de xustiza, os xuíces de adscrición territorial exercerán as súas funcións xurisdiccionais nas prazas que se encontren vacantes, como reforzo de órganos xudiciais, ou naquelas prazas cuxo titular se prevea que estará ausente por máis de tres meses ou, excepcionalmente, por tempo superior a un mes.

3. Nas comunidades autónomas pluriprovinciais e cando as razóns do servizo o requiran, o presidente do tribunal superior de xustiza poderá realizar excepcionalmente chamamentos para órganos xudiciais doutra provincia pertencente ao ámbito territorial do dito tribunal.

4. Nas comunidades autónomas en que exista máis dunha lingua oficial ou teñan dereito civil propio aplicaranse, para a provisión destas prazas, as previsións establecidas para tal efecto nesta lei.»

Doce. Modifícase a letra d) e engádese unha letra f) ao artigo 351, nos seguintes termos:

«d) Cando sexan nomeados ou adscritos como letrados ao servizo do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, do Tribunal Constitucional, do Consello Xeral do Poder Xudicial ou do Tribunal Supremo, ou maxistrados do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo, ou ao servizo do Defensor do Pobo ou órgano equivalente das comunidades autónomas.»

«f) Cando presten servizo no Ministerio de Xustiza en virtude de nomeamento por real decreto ou nas consellerías de xustiza, ou asimiladas, das comunidades autónomas, en virtude de nomeamento por decreto, en cargos que teñan rango inferior ao de ministro ou conselleiro de comunidade autónoma.»

Trece. O punto 2 do artigo 358 queda redactado na forma seguinte:

«2. Exceptúanse do previsto no punto anterior as excedencias voluntarias para o coidado de fillos e para atender o coidado dun familiar a que se refiren as letras d) e e) do artigo 356, en que o período de permanencia nas ditas situacións será computable para os efectos de trienios e dereitos pasivos. Neste mesmo período permitirase participar en cursos de formación. Durante os dous primeiros anos terase dereito á reserva da praza en que se exercesen as súas funcións e ao cómputo da antigüidade, así como a participar nos concursos de traslado. Transcorrido este período, a dita reserva será a un posto na mesma provincia e de igual categoría; deberá solicitar no mes anterior á finalización do período máximo de permanencia nela o reingreso ao servizo activo, e de non facelo será declarado de oficio na situación de excedencia voluntaria por interese particular.»

Catorce. O artigo 371 terá a seguinte redacción:

«Artigo 371.

1. Os xuíces e maxistrados terán dereito a desfrutar como mínimo, durante cada ano natural, dunhas vacacións retribuídas de vinte e dous días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor.

Para os efectos do previsto neste artigo, non se considerarán como días hábiles os sábados.

Así mesmo, terán dereito a un día hábil adicional ao cumprir quince anos de servizo, engadíndose un día hábil máis ao cumprir os vinte, vinte e cinco e trinta anos de servizo, respectivamente, ata un total de vinte e seis días hábiles por ano natural.

2. Os presidentes de sala e maxistrados do Tribunal Supremo e do resto dos tribunais desfrutarán do permiso de vacacións durante o mes de agosto; exceptúase aqueles aos cales lles corresponda formar a sala prevista nos artigos 61 e 180 desta lei.»



Quince. Engádese un novo parágrafo ao punto 5 do artigo 438, coa seguinte redacción:

«Naqueles partidos xudiciais en que o escaso número de órganos xudiciais o aconselle, o mesmo secretario xudicial da unidade procesual de apoio directo poderá estar á fronte dos servizos comúns procesuais que se constitúan coas funcións relacionadas no punto 3 deste artigo.»

Dezaseis. Modifícase o punto 2 do artigo 446, que queda redactado como segue:

«2. A abstención formularase por escrito motivado dirixido ao xuíz ou maxistrado se se tratase dunha unidade de apoio directo a un órgano xudicial unipersonal, ao presidente se se tratase dunha unidade de apoio directo a un órgano xudicial colexiado ou ao xuíz ou maxistrado que corresponda por quenda de repartición se desempeñase as súas funcións nun servizo común, os cales decidirán, respectivamente, sobre a cuestión.

En caso de se confirmar a abstención, o secretario xudicial que se abstivese debe ser substituído polo seu substituto legal; en caso de se denegar, deberá aquel continuar actuando no asunto.»

Dezasete. O punto 1 do artigo 453 queda redactado na forma seguinte:

«1. Corresponde aos secretarios xudiciais, con exclusividade e plenitude, o exercicio da fe pública xudicial. No exercicio desta función, deixarán constancia fidedigna da realización de actos procesuais no tribunal ou ante este e da produción de feitos con transcendencia procesual mediante as oportunas actas e dilixencias.

Cando se utilicen medios técnicos de gravación ou reprodución, as vistas poderanse desenvolver sen a intervención do secretario xudicial, nos termos previstos na lei. En todo caso, o secretario xudicial garantirá a autenticidade e integridade da gravación ou reprodución.»

Dezaioito. Modifícanse o punto 2 e a letra A do número 3 do artigo 521, que quedan redactados como seguen:

«2. As relacións de postos de traballo conterán a dotación de todos os postos de traballo das distintas unidades que compoñen a oficina xudicial, incluídos aqueles que deban ser desempeñados por secretarios xudiciais, e indicarán a súa denominación, localización, os requisitos exixidos para o seu desempeño, o complemento xeral de posto e o complemento específico.»

«A) Centro xestor. Centro de destino.

Para efectos da ordenación dos postos de traballo e da súa ocupación polo persoal funcionario, terán a consideración de centros xestores os órganos competentes do Ministerio de Xustiza ou o órgano competente das comunidades autónomas para a xestión do persoal, aos cales lles corresponderá a formulación da relación de postos de traballo nos seus respectivos ámbitos territoriais.

Entenderase por centro de destino:

Cada uno dos servizos comúns procesuais.

O conxunto de unidades procesuais de apoio directo a órganos xudiciais que radiquen no mesmo municipio.

O Rexistro Civil Central e os rexistros civís únicos de cada localidade, onde os houbese.

Cada unha das fiscalías ou adscricións de fiscalías.

Nos institutos de medicina legal, aqueles que a súa norma de creación estableza como tales.

No Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, aqueles que a súa norma de creación estableza como tales.

A Mutualidade Xeral Xudicial.

Cada oficina xudicial de apoio directo a xulgados de paz de máis de 7.000 habitantes ou de menos de 7.000 habitantes, dotados de cadro de persoal funcional en razón da súa carga de traballo.

O Gabinete Técnico de Información e Documentación do Tribunal Supremo.  
As secretarías de Goberno.»

Dezanove. Engádesse unha disposición adicional décimo quinta coa redacción seguinte:

«Décimo quinta. *Depósito para recorrer.*

1. A interposición de recursos ordinarios e extraordinarios, a revisión e a rescisión de sentenza firme por instancia do rebelde, nas ordes xurisdicionais civil, social e contencioso-administrativa, precisarán da constitución dun depósito para tal efecto.

Na orde penal este depósito será exixible unicamente á acusación popular.

Na orde social e para o exercicio de accións para a efectividade dos dereitos laborais nos procedementos concursais, o depósito será exixible unicamente a quen non teña a condición de traballador ou beneficiario do réxime público da Seguranza Social.

2. O depósito unicamente se deberá consignar para a interposición de recursos que se deban tramitar por escrito.

3. Todo o que pretenda interpoñer recurso contra sentenzas ou autos que poñan fin ao proceso ou impidan a súa continuación, consignará como depósito:

- a) 30 euros, se se trata de recurso de queixa.
- b) 50 euros, se se trata de recurso de apelación ou de rescisión de sentenza firme por instancia do rebelde.
- c) 50 euros, se se trata de recurso extraordinario por infracción procesual.
- d) 50 euros, se o recurso fose o de casación, incluído o de casación para a unificación de doutrina.
- e) 50 euros, se fose revisión.

4. Así mesmo, para a interposición de recursos contra resolucións ditadas polo xuíz ou tribunal que non poñan fin ao proceso nin impidan a súa continuación en calquera instancia será precisa a consignación como depósito de 25 euros. O mesmo importe deberá consignar quen impugne en revisión as resolucións ditadas polo secretario xudicial.

Exclúese da consignación de depósito a formulación do recurso de reposición que a lei exixa con carácter previo ao recurso de queixa.

5. O Ministerio Fiscal tamén quedará exento de constituír o depósito que para recorrer vén exixido nesta lei.

O Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais e os organismos autónomos dependentes de todos eles quedarán exentos de constituír o depósito referido.

6. Ao se notificar a resolución ás partes, indicárase a necesidade de constitución de depósito para recorrer, así como a forma de efectualo.

A admisión do recurso precisará que, ao se interpoñer este, se se trata de resolucións interlocutorias, no momento da presentación do recurso de queixa, ao presentar a demanda de rescisión de sentenza firme na rebeldía e revisión, ou ao se anunciar ou se preparar este nos demais casos, se consignase na oportuna entidade de crédito e na «conta de depósitos e consignacións» aberta a nome do xulgado ou do tribunal, a cantidade obxecto de depósito, o que deberá ser acreditado. O secretario verificará a constitución do depósito e deixará constancia diso nos autos.

7. Non se admitirá a trámite ningún recurso cuxo depósito non estea constituído.

Se o recorrente incorrese en defecto, omisión ou erro na constitución do depósito, concederase á parte o prazo de dous días para a emenda do defecto, con achega, se é o caso, de documentación acreditativa.

De non o efectuar, dítarase auto que poña fin ao trámite do recurso, ou que inadmita a demanda, quedando firme a resolución impugnada.

8. Se se estimase total ou parcialmente o recurso, ou a revisión ou rescisión de sentenza, na mesma resolución dispórase a devolución da totalidade do depósito.

9. Cando o órgano xurisdiccional inadmita o recurso ou a demanda, ou confirme a resolución impugnada, o recorrente ou demandante perderá o depósito, ao cal se dará o destino previsto nesta disposición.

10. Os depósitos perdidos e os rendementos da conta quedan afectados ás necesidades derivadas da actividade do Ministerio de Xustiza, destinándose especificamente a sufragar os gastos correspondentes ao dereito á asistencia xurídica gratuíta, e á modernización e informatización integral da Administración de xustiza. Para estes efectos, os ingresos procedentes dos depósitos perdidos e os rendementos da conta xerarán crédito nos estados de gastos da sección 13 «Ministerio de Xustiza».

11. O Ministerio de Xustiza transferirá anualmente a cada comunidade autónoma con competencias asumidas en materia de xustiza, para os fins anteriormente indicados, o corenta por cento do ingresado no seu territorio por este concepto, e destinará un vinte por cento da contía global para o financiamento do ente instrumental participado polo Ministerio de Xustiza, as comunidades autónomas e o Consello Xeral do Poder Xudicial, encargado de elaborar unha plataforma informática que asegure a conectividade entre todos os xulgados e tribunais de España.

12. A contía do depósito para recorrer poderá ser actualizada e revisada anualmente mediante real decreto.

13. A existencia deste depósito será compatible coa taxa exixida polo exercicio da potestade xurisdiccional.

14. O depósito previsto nesta disposición non será aplicable para a interposición dos recursos de suplicación ou de casación na orde xurisdiccional social, nin de revisión na orde xurisdiccional civil, que continuarán regulándose polo previsto, respectivamente, na Lei de procedemento laboral e na Lei de axuízamento civil.»

Vinte. Engádense tres novos puntos 6, 7 e 8 á disposición transitoria oitava, e quedan redactados como segue:

«6. Os membros da carreira xudicial ou doutros corpos que, no momento da entrada en vigor dos puntos 6, 7 e 8 desta disposición transitoria, se encontrasen en situación de excedencia voluntaria pola causa prevista na letra f) do artigo 356 e, conforme a letra f) do artigo 351, lles correspondese a de servizos especiais, pasarán a esta última situación, computándose como servizos efectivos na carreira xudicial o tempo que permanecen na dita excedencia voluntaria.

7. Cando cesen na situación de servizos especiais, salvo que obtivesen nova praza por concurso, quedarán adscritos con carácter provisional ás salas do Tribunal Supremo, ás dos tribunais superiores de xustiza ou da audiencia ou aos xulgados da localidade en que se encontraban destinados ao cesar no servizo activo, en función da categoría e orde xurisdiccional en que servían.

8. Esta adscrición manterase ata que se produza a primeira vacante da súa categoría e, se é o caso, quenda no Tribunal Supremo, tribunais superiores de xustiza, audiencia ou xulgados a que estiveren adscritos, a cal se lles adxudicará fóra de concurso e con carácter preferente.»

Vinte e un. Engádense unha disposición transitoria trixésimo novena coa seguinte redacción:

«Trixésimo novena.

Os xuíces que, por ter renunciado ao ascenso conforme a lexislación anterior, estivesen obrigados a permanecer por un tempo determinado na dita categoría, non poderán ascender ata que transcorrese este prazo. Tras o ascenso, se optasen por

continuar na praza que viñan ocupando non poderán participar nos concursos ordinarios de traslado durante tres anos.»

Vinte e dous. Engádesse unha disposición transitoria cuadraxésima coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria cuadraxésima. *Réxime transitorio.*

Os xuíces e maxistrados que, no momento da entrada en vigor desta disposición transitoria, se encontren en comisión de servizos con exoneración de funcións desempeñando funcións ao servizo do Tribunal Supremo, pasarán nese momento á situación de servizos especiais na carreira xudicial, situación en que permanecerán ata que as prazas sexan cubertas mediante o oportuno concurso.»

### Artigo segundo.

Modifícase a disposición transitoria cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria cuarta. *Establecemento de relacións de postos de traballo*

O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias asumidas procederán, nos seus respectivos ámbitos, á organización das oficinas xudiciais e unidades administrativas na forma establecida nesta lei, así como á elaboración e aprobación das relacións de postos de traballo conforme as normas e procedementos contidos nela.

Aprobadas as relacións de postos de traballo polo Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas, procederase á asignación dos funcionarios con destino definitivo no ámbito territorial respectivo, mediante as seguintes fases:

A convocatoria de procedementos de libre designación para aqueles postos que se deban cubrir por ese sistema.

A convocatoria de concursos específicos para aqueles postos de traballo que de deban cubrir por este sistema, en que, por unha soa vez, poderán participar en exclusiva os funcionarios destinados no municipio onde se deban desempeñar tales postos de traballo.

A confirmación dos funcionarios nos postos de traballo que viñesen desempeñando, cando estes figuren nas correspondentes relacións de postos de traballo con similar contido, mesmo con distinta denominación.

A reordenación ou redistribución de efectivos e, se é o caso, a reasignación forzosa en supostos de amortización, supresión ou recualificación de postos, consonte os procedementos establecidos.

Estes procesos levaranse a cabo a medida que se aproben as relacións de postos de traballo de forma gradual e en función das posibilidades organizativas, técnicas e orzamentarias das administracións competentes.»

### Artigo terceiro.

Engádesse unha nova disposición derradeira única á Lei orgánica 3/1981, do 6 de abril, do Defensor do Pobo.

«Disposición derradeira única. *Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura.*

Primeiro. O Defensor do Pobo exercerá as funcións do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura de conformidade coa Constitución, con esta lei e co protocolo facultativo da Convención contra a tortura ou outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes.

Segundo. Créase un consello asesor como órgano de cooperación técnica e xurídica no exercicio das funcións propias do Mecanismo Nacional de Prevención, que será presidido polo adxunto en que o Defensor do Pobo delegue as funcións previstas nesta disposición. O regulamento determinará a súa estrutura, composición e funcionamento.»

**Disposición derradeira.** *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao de su publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 3 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO